

ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Abril - Maio - Xuño 2008]

XA! Rehabilitación do Ateneo

Carvalho Calero | Curros Enríquez | Día da Paz |
Botadura do "Juan Carlos I" | Literatura e Cine
ademais: SERVIZOS, BREVES, CONVOCATORIAS ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

nº 31


Vista da Praza da Quintana (Galiza) na manifestación da rede Galiza Non Se Vende o 17 de Febreiro de 2008. Foto Damch



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org





ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN

Nº 31

Abril-Maio-Xuño
2008

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

COPYRIGHT

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS, E REALIZACIÓN: Leandro, Juan de la Fuente, Ateneo Ferrolán
FOTOGRAFÍA DE PORTADA: Pedro Lugrís (Foto BERNARDINO)
FOTOGRAFÍA DE CONTRAPORTADA: DAMCH
PATROCINA:

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRAL LIBRERA, VIAJES PACO, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, PARADOR DE TURISMO

ABRIL SOLIDARIO
1 SORTEO - 1 PREMIO - 1 FESTA SOLIDARIA
SÁBADO 26 DE ABRIL DE 2008
1 €uro

DEFENDAMOS ESTA ENTIDADE CULTURAL NOSA, DE TODOS E TODAS, LIBRE, INDEPENDENTE, ABERTA E AO SERVIZO DE TODA A CIDADANÍA

ATENEO FERROLAN
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

1 €uro

ABRIL SOLIDARIO
1 SORTEO - 1 PREMIO - 1 FESTA SOLIDARIA
NON NOS DEIXAREMOS QUEIMAR !!!!!
REXURDIREMOS !!!!!

Sábado, 26 de Abril. Festa Solidaria co Ateneo Ferrolán en Sesión Vermú, a partir das 12 da mañá.

Colaboración solidaria co Ateneo Ferrolán 1 €uro. (sorteo de 1 lote cultural en combinación co sorteo da ONCE do venres 25 de Abril de 2008. Farase entrega do premio en directo na sesion vermú o sábado 26 de Abril.

1 LOTE DE PRODUCTOS CULTURAIS:
1 Caderno Ateneo: Ferrol, Cidade da Ilustración
1 Caderno Ateneo: A ría de Ferrol, A perla Artabra
2 CD editados polo Ateneo Ferrolán
1 Figura Atenea (imitación de bronce sobre pe de madeira).

ABRIL SOLIDARIO CO ATENEO FERROLÁN
MERCA UNHA RIFA E COLABORA CO ATENEO!!!
Sábado 26 de abril, Festa solidaria co Ateneo Ferrolán.
Sesión Vermú a partir das 12 da mañá.

Colaboración Solidaria co Ateneo Ferrolán 1 euro por rifa.
Sorteo de 1 lote cultural en combinación co sorteo da ONCE do venres 25 de abril.





O Comisario de Medio Ambiente da U.E. Sr. Stavros Dimas, aínda que non é el a UNIÓN EUROPEA, merece todos os respectos. O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA de Galicia e o TRIBUNAL SUPREMO do Estado Español, tamén.

E cal é a relación destas dúas afirmacións?

Explicámonos: Noticias nos medios (TVG e prensa) os días 13 e 14 do pasado mes de febreiro anunciaban con grandes titulares que a UE aseguraba que a Planta de Gas de Reganosa cumpría a lexislación ambiental europea.

Non é discutible que o dito Sr. dixera iso, pero si é asombroso que os medios de comunicación fixeran caixa de resonancia dunha afirmación persoal elevándoa a categoría de veredicto da UNIÓN EUROPEA. Pero aínda máis asombroso é que os mesmos medios non tiveran a decencia de facer o máis mínimo comentario ao respecto da colisión desa categórica afirmación con DÚAS sentenzas do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA que din todo o contrario. Sentenzas que se atopan no TRIBUNAL SUPREMO recorridas por Reganosa e pola propia XUNTA DE GALICIA.

Non é crible que o T.S.X.G. nas súas dúas sentenzas non tivese en conta o único e feble argumento do devandito Comisario, pero si parecía seguro ó respecto a decisións e trámites procesais da XUSTIZA. Respecto que non parece ter o Comisario da UE, e respecto que non parecen esixir como deberían os medios aos que nos estamos a referir. Esta é unha mostra do coidado co que moitas veces se trata á opinión pública, ou será parte da táctica de deformación que a ditos medios interesa ...

As tácticas dos medios son as que son e alá eles, pero á agresión en toda regra dun membro significado da UE á soberanía dunha COMUNIDADE AUTÓNOMA, GALICIA, cuxo TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA emitiu dous dictames anulando a tramitación ambiental de Reganosa e á falta de respecto ao TRIBUNAL SUPREMO do Estado Español (materia "sub índice"), tería que ser respondida contundentemente por alguén.

* * *

Sen estridencias, dun xeito natural, sinxelo, producindo unha sensación de serenidade, de paz, de acougo gratificante e relaxante, despois dunha viaxe un tanto borrascosa, gañou ZAPATERO. Nunca se notou tanto o efecto balsámico do pronunzamento das urnas, da decisión da cidadanía. Aquelo de "chegou o comandante e mandou parar", ten plena aplicación no cotarro sociopolítico do País. O efecto enmudecedor nos contrarios é evidente.

Reaccionarán evidentemente, pois hai moitos reaccionarios, e voltarán as insinuacións, aos augurios máis truculentos, pero de momento o efecto foi desolador, nótase en todos os niveis; non acaban de dixerir a derrota ou máis ben a vitoria que consideran inexplicable.

Dende significados voceiros mediáticos, descartando por suposto os extremistas que desgrazadamente os hai e non merecen comentario, até os cidadáns de a pé, *pobriños*, que aínda seguen aferrados a interpretacións insidiosas do 11M, a todos nótaselles, de momento, o desconcerto desolador polo resultado, e, sen darse conta, absolutamente inconscientes, descobren a súa incapacidade para ofrecer unha mínima análise obxectiva do sucedido.

Para os que entendemos a situación, ou cremos entendela, e asumimos con tranquilidade o resultado, quédanos unha difusa incerteza que pouco a pouco iremos reafirmando ou disipando.

A vitoria electoral é só un primeiro paso, queda todo un duro camiño de avances sostidos na procura da realización do programa, do cumprimento das promesas e das respostas coherentes e consecuentes ós retos que inevitablemente han de xurdir.

ATENEO FERROLÁN ⌘


Fe de erros:
No pasado nº 30, na páxina 11, o pé da imaxe que acompaña o texto de «Os pinos», debería poñer Eduardo Pondal no lugar de Parga Pondal



AS NOVAS INCORPORACIÓNS DA HEMEROTECA

PRENSA DIARIA: local, nacional e estatal


Diario de Ferrol · La Voz de Galicia · De Lunsavenres · La Opinión de A Coruña · El País
El Mundo · El Correo Gallego · Galicia Hoxe · Faro de Vigo · A Nosa Terra · Público



Fadamorgana.
Revista galega de literatura infantil e xuvenil. Nº12
Ed. Atlántica de Información e Comunicación de Galicia
ISSN: 1575-9520



Revista de Neda.
Anuario Cultural do Concello de Neda. Nº 10
Ed. Concello Neda
ISSN: 1139-1154



Mercurio
Panorama de libros. Nº 99
Ed. Fundación José Manuel Lara
ISSN: 1139-7705

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.


Os usuarios e as usuarias da BIBLIOTECA tamén poden consultar os nosos fondos bibliográficos na seguinte dirección:
www.opacmeiga.rbgalicia.org

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:


Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"- CSIC, Edicións Embora, Libreria C4, Círculo Racinguista, Libreria del Campus




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA



Biografía del Excm. Sr. Don Andreu A. Comerma i Batalla
F. Ballester Castelló
Editorial Catalana
Barcelona, 1922



O cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca
Laura Tato Fontaíña (ed.)
Ed. Centro Ramón Piñeiro
ISBN: 978-84-4534543-6




La seducción de los sueños. El libro en la Europa moderna. (Ss. XV al XVIII)
Luis Miguel Fernández y Antonio Garrido
Ed. Deputación da Coruña
ISBN: 84-86040-86-8



De que cor es ti?
Luís Rapela e Spela Trobec
Ed. Embora
ISBN: 978-84-95460-77-6



O diccionario del dialecto gallego de Luís Aguirre del Río
Carme Hermida Gulías (ed.)
Ed. CSIC-Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"
ISBN: 978-84-00-08609-1




Ferrol: Memoria da vida cotiá
Llorca Freire Guillermo
Ed. Libreria del Campus
ISBN: 84-921363-5-9

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

FILMOTECA

que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



A FESTA DOS LIBROS NO NOSO

ATENEO FERROLÁN


Juan Farias


Alonso Montero


Manuel Lueiro Rey

Celebrar a literatura, os libros e aos seus autores, é algo que o Ateneo Ferrolán fai habitualmente dende a súa fundación no ano 1879, pero abril e maio teñen algo especial pois nestes meses reúnense acontecementos que poñen unha maior énfase nos libros.

Por iso, nestes breves percorridos polas historias da Biblioteca - Hemeroteca, deste ATENEO, rescatamos a algúns dos destacados escritores que pasaron polos nosos locais.

Son só unha representación, con un carácter moi heteroxéneo, pero significativo do noso compromiso e apoio ás LETRAS.

Recóllense aquí fotografías dende os anos 70 até a actualidade, de diferentes personalidades que acudiron ao Ateneo Ferrolán a falar da súa obra, da doutros autores ou da literatura en xeral.




Blanco Amor


M A Fernán Vello


César Antonio Molina


Rafael Dieste y Ramón Piñeiro



Fernando Savater


José Ángel Valente


Josep Vicent Marqués


Uxío Novoneyra



A Fundación ferrolá continúa reunindo apoios para acadar a declaración do Día das Letras Galegas 2009 para o intelectual CARBALLO CALERO


ARTÁBRIA SEGUE PULANDO POR CARVALHO CALERO

Nos últimos meses téñense organizado palestras, mesas redondas, e dende hai unhas semanas, a Fundación Artábria vén reunindo apoios de intelectuais, artistas e políticos para acadar o recoñecemento. Son moitos os que xa fixeron a foto co cartaz de apoio á iniciativa, sobre todo na noite que se celebrou unha cea de homenaxe aos veciños de Mugardos cuxas casas están a carón de Reganosa. Entre eles, Miguel de Lira, Carlos Santiago, Comba Campoy, Eliseo Zaera (presidente do Ateneo Ferrolán) ou a concelleira de Cultura de Ferrol, Yolanda Díaz.



O Presidente do Ateneo Ferrolán, Eliseo Zaera Ríos, asina o documento de adhesión.

En novembro, unha conferencia organizada conxuntamente pola Fundaçom Artábria e a Associaçom Galega da Língua (AGAL) en colaboración co Ateneo Ferrolán, contou coa participación do maior especialista na figura de Carvalho Calero, José-Martinho Monteiro Santalha, prof. de Didáctica das Linguas na Universidade de Vigo; de Maurício Castro, xefe do Dpto. de Português na EOI de Ferrol; e de Alexandre Banhos, novo presidente da AGAL. E en xaneiro a Comisión de Defensa da Lingua da Gentalha do Pichel realizou un mural en lembranza do intelectual ferrolán.



Ricardo Carballo Calero
Ferrol, 30 de outubro de 1910
Santiago de Compostela 25 de marzo de 1990

Licenciouse en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi agregado de Lingua Española e Literatura no Instituto de Ensino Medio 'Rosalía de Castro' en Santiago.
Foi secretario do Seminario de Estudos Galegos, membro da Real Academia Galega, Vicedirector do Instituto 'Padre Sarmiento' e director da sección literaria deste centro.
Estivo en contacto cos membros de Nós, colaborando na súa revista.

OBRAS REALIZADAS

Poesía:
As súas primeiras publicacións foron de poesía con obras como: *Vieiros* (1931), *O silenzo axiollado* (1934), *Anxo da terra* (1950), *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), *Saltério de Fingoi* (1961).
A partir de 1961 ata 1980 publica unha serie de poemas agrupados en tres partes: Excalibur, Venusberg e Avalon. Entre 1980 e 1985 escribe *Cantigas de amiga e outros poemas.*

Teatro:
Carballo calero amosou tamén interese por este xénero publicando algunhas pezas que en ocasións chegaron a ser representadas. Antes da guerra civil compuxo *O fillo* e en 1945 *Isabel*. A partir de aquí escribiu obras como *A sombra de Orfeo*, *A farsa das zocas*, *A arbre*, *Auto do prisioneiro* e *Os xefes.*

Narrativa:
A súa obra en prosa está recollida no volume *Narrativa completa* que contén obras como a novela *A xente da Barreira* e narracións curtas como *Os señores da Pena, O lar de Clara, As pitas baixo a chuvia*, *Os tumbos, A cegoña* e *Aos amores serodios*. Tamén escribiu *Scórpio* que pode ser considerada a súa obra mestra.

Carballo Calero tamén aportou á nosa cultura obras de tipo filolóxico como *Sete poemas galegos* (1955), *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955), *Breviario antológico de literatura gallega contemporánea* (1966), *Sobre lingua e literatura galega* (1971), *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), *Gramática elemental del gallego común* (1974) e *Historia de la Literatura gallega contemporánea* (1975).

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



CENTENARIO DA MORTE DE

CURROS ENRIQUEZ



Nacido o 15 de setembro de 1851 en Celanova (Ourense), Manuel Curros Enríquez pasa por ser, xunto a Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, o gran referente do denominado "Rexurdimento" da literatura galega de finais do século XIX.

A súa obra "Aires da miña terra" identificao como un gran poeta civil, capaz de conxugar a denuncia social en favor da clase máis desfavorecida, como demostra en poemas como "As Pragas", "Nouturnio" ou "Mirando ó chau", cunha poesía de exaltación dos valores tradicionais da cultura galega, como é o caso "Unha boda en Einibó", "O gaiteiro de Penalta" e moi especialmente "A virxe do Cristal", onde describe de forma maxistral a lenda sobre a aparición da imaxe da pequena virxe desta localidade, cuxo santuario se ubica na parroquia de Vilanova dos Infantes, lugar de nacemento de Petra Enríquez, a súa nai.

Pero a súa obra trascende máis alá da poesía e céntrase durante gran parte da súa vida no xornalismo. Prestixioso redactor de "El País" e a "Gaceta de Madrid", o seu labor informativo levouno a exercer como correspondente de guerra no País Vasco durante a terceira guerra carlista, escribindo unha serie de "Cartas del Norte" que publicou no diario "El Imparcial"; despois dun temporal regresou á súa Galicia natal como funcionario de Facenda en Ourense, finalmente viaxaría a Cuba, en cuxa capital, a Habana, funda "La Tierra Gallega", chegando a traballar tamén en "El Eco de Galicia", así como no "Diario de la Marina".

O seu concurso desde aquela isla caribeña foi fundamental para, en colaboración con Manuel Murguía e outros intelectuais galegos dun e outro lado do Atlántico, promover a constitución da actual Real Academia Galega da Lingua a través da "Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega", da que foi elixido presidente-fundador.

Perseguido pola igrexa e pola xustiza –que o condenaría a dous anos e catro meses de cárcere en Ourense, para ser posteriormente absolto na Audiencia Territorial de A Coruña– a raíz da publicación de varios poemas de "Aires da miña terra", a súa capacidade de conexión ca vila seríalle recoñecida nun acto de coroación como o gran poeta civil de Galicia, no que participaron os principais personaxes do mundo cultural e literario da Galicia daquel momento e que tivo lugar na cidade de A Coruña no mes de outubro de 1904 con motivo da última viaxe que fixo desde a Habana.

Tras o seu falecemento, ocorrido na capital cubana o 7 de marzo de 1908, a cidade herculina que tan ben o acollera en vida e á que recordou e homenaxeou en máis dunha composición poética, fíxose cargo finalmente dos seus restos, que permanecen enterrados no cemiterio de San Amaro daquela cidade.

www.currosenriquez.es
fundacion@currosenriquez.es

Sede FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ
Casa dos poetas
Rúa Curros Enríquez, nº 37
32800 Celanova (Ourense)
Teléf: 988 45 11 76

ESCOLMA DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ

Aires da miña terra. Ourense, 1880 · *O Divino Sainete*. A Coruña, 1888 · *El maestre de Santiago*. Madrid, 1892 · *Biografía de Eduardo Chao.* Estudio biográfico-político, Madrid, 1893 · *Obras Completas*. Madrid, 1910

CRONOLOXÍA DE CURROS ENRÍQUEZ

1851: Nace en Celanova, fillo do escribán Xosé María de Curros Vázquez e de Petra Enríquez

1865: Escápase da casa e acaba residindo en Madrid na casa do seu irmán Antonio

1869: Comeza a estudar a carreira de Dereito e escribe o seu primeiro poema titulado "Cantiga"

1871: Casa con Modesta Vázquez Rodríguez, nada en Puebla de Sanabria e filla dun maxistrado da Audiencia Nacional de Madrid

1873: Incorpórase como redactor á "Gaceta de Madrid", iniciando así a súa carreira xornalística nesta cidade

1874: Gaña un concurso literario convocado por "El Imparcial" cun traballo titulado "Oda a la guerra civil", o que lle serve para entrar a traballar neste xornal.

1875: Traballando en "El Imparcial" desprázase ó País Vasco para informar sobre os pormenores da terceira guerra carlista. Escribe as súas colaboracións desde aquel lugar tituladas "Cartas del Norte".

1877: Gaña un certame literario en Ourense promovido por un dos seus protectores, Modesto Fernández González, cos poemas "A Virxe do Cristal", "Unha boda en Einibó" e "O Gaiteiro de Penalta".

1878: Regresa a Ourense, onde traballa como funcionario de Facenda. Nesta cidade encárgaselle a dirección do xornal "El trabajo" e colabora con "El Heraldo Gallego".

1880: Morre a súa nai, suceso que lle inspira un poema titulado "Na morte de miña nai". Publica o seu libro máis coñecido "Aires da miña terra", que é prohibido pola Igrexa e que lle supón un proceso civil polo que sería condenado inicialmente en Ourense a unha pena de dous anos, catro meses e un día e unha multa de douscentas cincuenta pesetas, e posteriormente absolto pola Audiencia Territorial de A Coruña.

1883: Volve a Madrid e ingresa como redactor en "El Porvenir", pasando posteriormente por distintos medios como "El Progreso" ou "El País".

1888: Publica o seu segundo libro en galego "O divino sainete".

1893: Con motivo da fundación do Centro Gallego de Madrid, o escritor é coroado poeticamente nun acto de homenaxe que se celebra no Teatro da Comedia desta cidade.

1894: No mes de marzo chega a Cuba e funda o xornal "La Tierra Gallega" que editará durante dous anos. Durante esta época ten diversos problemas coa colonia galega que o acusa de separatista, ante o problema de Cuba, sendo el un firme defensor dun réxime de autonomía para a illa.

1896: Traballa como corrector de probas no "Diario de la Marina", onde consegue importantes éxitos profesionais e un recoñecemento público. Ó mesmo tempo comeza a manifestarse nel unha actitude crítica con parte da colonia galega na illa.

1904: Enfermo de asma e reuma, decide regresar a Galicia. Neste mesmo ano a cidade de A Coruña, a onde chega, organízalle unha gran homenaxe e un acto de coroación poética, o segundo que lle é organizado en vida. Durante a súa estancia en Galicia mantén frecuentes contactos con Murguía, Tettamacy e outros, que despois serían o xerme da Asociación Inciadora e Protectora da Academia Galega. En outubro deste mesmo ano, despois do acto poético do Teatro Principal coruñés, regresa a Cuba.

1905: É elixido presidente da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, que poría as bases para o nacemento, ó ano seguinte, da Real Academia Galega.

1908: O 7 de marzo falece na clínica Covadonga do Centro Asturiano. O día 31 do mesmo mes o seu cadáver chega á cidade da Coruña, en cuxo cemiterio é enterrado no medio dunha multitudinaria e popular manifestación de dó polo que neses momentos é considerado xa o máis grande dos poetas civís de Galicia.



ATRACTIVO TURÍSTICO PARA FERROL?

O "JUAN CARLOS I" UN BUQUE ESPECTACULAR







Secuencia da botadura

Dende esta Revista Atenea queremos aportar un grao de difusión tentando mellorar a pobre publicidade que se lle deu a este acontecemento de relevancia mundial.

Miles de ferroláns asistiron á botadura e,os navíos atracados xunto aos estaleiros de Navantia, seguírono coas súas sirenas acompañando ao buque no seu encontro coa auga.

230 METROS DE ESLORA

O Juan Carlos I, cos seus máis de 230 metros de eslora, deslizouse cara ao mar ata quedar fondeado na ría de Ferrol, fronte ao arsenal militar. O novo buque supera en tamaño ao portaavións Príncipe de Asturias, que ata agora era o de maior dimensión da flota militar española.

O barco poderase configurar como plataforma para aeronaves, buque anfibio para Infantería de Mariña, buque de despregamento de forzas do Exército de Terra e para realizar misións de apoio humanitario.



BOTADURA o 22 de xullo de 1966 en BAZAN, Ferrol (Foto Arquivo Histórico do Ateneo Ferrolán).

O buque supuxo un investimento de 360 millóns de euros e está previsto que dentro dun ano se entregue á Armada de forma oficial, unha vez que se lle instalen os sistemas de mando e control, de combate e de comunicacións, para que comece a súa andaina militar. A construción iniciouse en xuño de 2005 e o nome de Juan Carlos I foi asignado por unha orde ministerial, de 19 de outubro de 2006.

NOVAS UTILIDADES

O barco multiplica por catro as funcións do actual portaavións Príncipe de Asturias, ao que substituirá cando este non se atope operativo. Mentres o Príncipe de Asturias só se pode utilizar como portaavións, o novo barco serve para operacións humanitarias non militares e transporte de forzas do Exército de Terra e de Infantería de Mariña.

O Juan Carlos I contará cunha dotación de 243 efectivos e capacidade para transportar ata 1.200 militares. O interior do buque está deseñado para transportar lanchas e vehículos de desembarco, e ten unha plataforma con capacidade para 30 aeronaves.





O ATENEO FERROLÁN ORGANIZOU UN MARATÓN DE LECTURA

30 DE XANEIRO DÍA DA PAZ

Como todos os anos, con motivo do **DÍA DA PAZ**, o día **30 de xaneiro**, realizouse un **Maratón de Lectura no Ateneo**.

A convocatoria é aberta e de lectura libre de textos, poesía, teatro, escenificacións, ...

O día 30 de xaneiro celébrase o **Día da Paz**. Algún preguntarase o motivo de que fose precisamente esta data a elixida para esta conmemoración. A explicación é a seguinte: o asasinato de «Mahatma» **Gandhi,** o 30 de xaneiro de 1948, a mans dun extremista hindú.



UN DÍA PARA FACER BALANCE

A celebración do día da paz o 30 de xaneiro, debería levarnos a reflexionar sobre a situación do mundo en que estamos a vivir.

Segundo a enciclopedia virtual Wikipedia, a paz é xeralmente definida como un estado de tranquilidade ou quietude, como unha ausencia de disturbios ou axitación.

Pero a paz tamén pode definirse como a ausencia de violencia ou guerra.

Tamén convén ter en conta que a paz non sempre foi percibida dun xeito positivo, xa que algúns pobos tiñan como principal actividade o saqueo doutras comunidades.

A nivel individual, a palabra paz designa un estado interior no que non hai cólera, odio nin sentimentos negativos, un sentimento de benestar.

A nivel social, a articulación entre paz e o seu oposto que podería ser guerra, ou violencia, ou conflito (aínda que con matices, pois o conflito non ten por que ser negativo), fundamenta numerosas doutrinas tanto relixiosas como políticas.

Pero hai que ter en conta que a violencia pode ser tanto directa como estrutural (agredir a un colectivo desde a mesma estrutura política ou económica) ou cultural (aspectos das diferentes culturas que lexitiman o uso da violencia).

Estamos, pois, ante un amplo abano de elementos que poden perturbar a nosa paz e dos que aparecen cheas as páxinas da prensa a cotío. Non é estraño ler sucesos relacionados coa violencia de xénero, coas guerras no mundo, coa violencia estrutural sufrida por aqueles que queren solucionar a súa situación capaces de xogarse a vida nunha patera para acadar o seu soño, ou aquela violencia coa que todos tratamos á nosa terra (incendios, contaminación, urbanismo descontrolado, etc), ou aquela outra que sofren milleiros de persoas que son explotadas desde a súa infancia só por beneficiar a uns poucos ou mesmo a que deixa centos de mortos nas nosas estradas cada ano.

Parece, pois, necesario traballar desde a escola sobre todos estes aspectos para acadar unha paz fundamentada na xustiza porque, como dicía Martin Luther King Jr., a verdadeira paz non é simplemente a ausencia de tensión: é a presenza de xustiza. ⌘



O xoves, 21 de febreiro, o símbolo da paz, deseñado por Gerald Holtom, cumpriu 50 anos. Nunca mellor dito que unha imaxe vale máis que mil palabras.

Era realmente sinxelo e fíxose popular inmediatamente, en todo o mundo.

Quixo ser un logo contra do armamento nuclear e converteuse na insignia do movemento pacifista.

Tan só tres raias e un círculo para representar as aspiracións de paz universal.

Fíxoo seu o movemento hippy e presidiu Woodstock en 1969. Foi o emblema máis repetido contra da guerra do Vietnan.

Estivo e segue a estar nas lapelas dos xoves, do feminismo, do pacifismo... desde que John Lennon escribiu Imagine...

Está por todas partes, no Muro de Berlín, en Bosnia, en N. York, en Galicia, na nosa web, nos carteis, nas manifestacións contra da guerra, nas escolas e nos institutos... E seguirá presente mentres non consigamos ***abolir a guerra***, como un imperativo moral do novo século...

Mil Grazas a Gerald Holtom e millóns de parabéns neste, o seu tamén, 50 Aniversario.

Seguiremos a reproducilo, mentres tanto, en todas partes, en calquera lugar, porque está xa e para sempre no corazón dos homes e as mulleres de ben...

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



MASIVA ASISTENCIA Á MANIFESTACIÓN CONTRA A DESTRUCIÓN DO TERRITORIO 17 DE FEBREIRO DE 2008

GALICIA NON SE VENDE!

Unhas 10.000 persoas acudiron á convocatoria do movemento **Galiza Non Se Vende** para manifestarse contra a destrución do territorio.

O acto encheu as rúas de Compostela e a Praza da Quintana na que se leu o comunicado final. Dende hai moitos anos non se lembraba en Compostela unha marcha tan multitudinaria como a de hoxe. O ano pasado, o mesmo movemento, denominado **Rede Litoral Vivo**, logrou convocar a 4000 persoas baixo o lema "Galiza non se vende". As reivindicacións tiveron como denominador común a defensa do territorio galego, ameazado por innumerabeis proxectos que, lonxe de procurar riqueza, esquilman os recursos naturais.

Durante o traxecto, festivo e reivindicativo, os representantes de Burla Negra, paroriando aos membros do goberno, rebautizaron diversas rúas da cidade: rúa do doutor Tojeiro, rúa do Villar Mir, rúa do Bipartito... os asistentes procedían de toda Galiza. Das vilas mariñeiras sobre as que pende a ameaza das piscifactorias; do Courel; Lugo; Ferrol e Mugardos, sempre fieis á cita; Pontedeume; Ortigueira; o Ribeiro e un longo etcétera.

Durante a lectura do manifesto houbo unha sentida homenaxe a Carmelo Teixeira, recentemente falecido e fundador do Comité de Emerxencia contra a planta de gas na ría de Ferrol.





MANIFESTO DA CONVOCATORIA

Desde A Guarda a Ribadeo, desde O Courel á Terra Cha, un terremoto de especulación e depredación da terra e do mar está destruíndo a nosa natureza, a nosa paisaxe e a nosa forma de vida.

Está destruíndo, polo tanto, a propia identidade de Galiza, a nosa calidade de vida, a das xeracións vindeiras e mesmo o planeta.

O litoral galego está a sufrir un proceso especulativo de urbanización e privatización sen precedentes que destrúe a paisaxe e dana irreversiblemente os nosos recursos pesqueiros e marisqueiros.

A artificialización da costa, a erección de pavorosos ecomonstros ao longo do litoral e a continua construción de recheos (que, as máis das veces, constitúen terreo barato para empresas que nada teñen que ver co mar), únense a uns niveis de contaminación nunca até agora rexistrados nas nosas rías e a un Plan de Portos Deportivos absurdo que pretende crear en Galiza máis amarres que os que ten toda a costa oeste de Italia, multiplicando por catro os que existen en Francia por cada quilómetro de litoral: Privatización do que é de todos para gozo e negocio duns poucos.



Por iso, en Cangas do Morrazo, combativas compañeiras e compañeiros, levan dous anos impedindo coa súa presenza diaria diante das máquinas, as obras dun aberrante porto deportivo e da urbanización correspondente, Bouzas resístese á ampliación do monstroso recheo, e con loitas similares estamos defendendo a costa de Teis, de Baiona, de Sada, de Cedeira, de Nigrán, de Bueu, de Ortigueira, de Miño, de Pontedeume...

A esas desfeitas temos que unir un Plan Acuícola devastador que significa a destrución de centos de hectáreas das zonas mellor conservadas do noso litoral para a construción de múltiples e enormes piscifactorías, para proveito de dúas empresas transnacionais.

E aquí estamos para defender Corrubedo, Quilmas, Corcubión, Merexo, Camelle, Arou, Seráns, Oia, e até 20 proxectos máis de destrución.

Porque o noso mar, as nosas rías limpas e saneadas, son a mellor e a máis productiva e verdadeira piscifactoría. A que desde sempre foi fonte permanente de riqueza para este pobo, de riqueza socialmente compartida, posto de traballo para miles de homes e mulleres: a pesca e o marisqueo tradicionais e sustentábeis que estas empresas e este abandono ameazan destruír.

Os nosos ríos viven un proceso de degradación e sobre explotación hidroeléctrica que está matando a súa biodiversidade.

Nada se aprendeu do terrible accidente de Brenntag que provocou un vertido de graves consecuencias ambientais e sociais no río Umia. Os vertidos ao río Tambre e ao río Sar en Compostela e Rois, ao río Gallo en Cuntis, a macabra celebración do día mundial do medio ambiente co vertido ao río Alvedosa en Redondela, ou o desastre do Xallas causado pola empresa de Villar Mir, son só algúns exemplos.

Reclamamos o desmantelamento do encoro de Caldas e a paralización das obras do salto da Hermida en Cuntis polo alto risco sanitario que significan e para unha verdadeira recuperación integral do río Umia

Denunciamos o abandono total do rural. Esiximos políticas non dependentes de axudas, que favorezan aos agricultores e incentiven a produción galega de calidade e a prezos xustos; que prohíban os transxénicos e que rexeiten o "biodiésel" por ser aínda máis contaminante e por someter o rural aos imperativos das transnacionais.

Denunciamos o abandono dos montes pragados de eucaliptos e as políticas que favorecen os lumes. Son vítimas ademais dun desaforado Plan Eólico que non ten en conta áreas de alto valor ecolóxico nin mesmo protexidas.

Defendemos a Serra da Groba, o seu riquísimo patrimonio arqueolóxico e aos seus cabalos salvaxes de pura raza galega que un parque eólico quere destruír. Defendemos a Serra do Xistral, a Serra de Careón e a Serra do Suído... Defendemos os montes para que sigan sendo montes.

Por outra banda en Galiza temos dúas das centrais térmicas máis contaminantes de Europa e exportamos máis do 40% da enerxía eléctrica que aquí se produce, a maioría dela xerada queimando carbón importado de Indonesia. Así aumentamos a nosa pegada ecolóxica e contribuímos como poucos ao cambio climático, ao tempo que ficamos coa chuvia aceda, a contaminación e moitos outros males que esas empresas producen.

Todos estes Plans (piscifactorías, portos deportivos, parques eólicos indiscriminados ou campos de golf), non significan ningunha mellora para a cidadanía. Xeran un número ridículo de postos de traballo e a riqueza que producen vai parar só aos petos das grandes empresas, dos grandes capitais, sen repercutir practicamente nada no tecido económico e social do país. Pero si destrúen, degradan e usurpan o que é de todas e todos ou de ninguén: o ambiente, os recursos naturais, a paisaxe e o territorio.

E xa non nos tragamos a mentira recorrente dos postos de traballo cando significa crear sete e destruír tres mil

Outro destes Plans da Xunta, o da Minaría, é un triste modelo de espoliación do territorio. Significa a destrución dun dos nosos tesouros naturais máis valiosos e queridos, un tesouro que chegara intacto ata nós: A Serra do Courel.

Tamén defendemos á Terra Cha e a moitas outras comarcas de Galiza que sufrirían as consecuencias desta depredación.

Un rosario de industrias perigosas segue a espallarse polo país.

E se dicimos industria perigosa temos que dicir ben alto: Reganosa. Reganosa, na Ría do Ferrol, é un exemplo sanguento de temeridade, irresponsabilidade e desprezo pola cidadanía.

Ence segue, ano tras ano, contaminando gravemente a Ría de Pontevedra. Agora falan de trasladala ás Pontes, onde tamén queren tapar cun lago artificial a ferida que a central térmica deixou na terra, un lago que porá en perigo ao Eume e ás súas fragas. A celulosa sería o monstro do lago.













O proxecto de Parque de Residuos no Ribeiro sinala o rumbo polo que nos queren levar. E a lista podería seguir e seguir. Beneficios para uns poucos e inseguridade, lixo e destrución para tod@s.

O modelo de transporte e de mobilidade que se está a perpetuar e fomentar é o do vehículo privado motorizado diante dun transporte público colectivo actualmente misérrimo, provocando máis emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera, fragmentando o territorio e artificializando os solos..



A continua construción de autovías e vías de alta capacidade supón un forte impacto no territorio e nunca resolven definitivamente o problema da saturación dun tráfico sempre crecente. E iso sábeno ben os compañeiros e compañeiras de Noia, de Outes, de Redondela, do Morrazo…

Quen vexa o ridículo mapa dos ferrocarrís de Galiza saberá do que estamos falando: Catro raias mal trazadas constitúen toda a nosa “rede ferroviaria”. Lonxe de tentar remedialo, agora queren vendernos o AVE como solución. Un negocio tamén destrutor do territorio, elitista, enerxeticamente insustentábel e que de ningún modo solucionará o problema da vertebración do país.

Por se todo isto fora pouco, os Concellos das nosas vilas e cidades andan a debuxar Planos Xerais de Ordenación que, lonxe de defender o tecido vilego

tradicional e mellorar a calidade de vida da cidadanía, consisten en ver quen constrúe e destrúe máis. Un alarde de urbanismo salvaxe que na maioría dos casos pretende duplicar, senón máis, o número de habitantes nun prazo de dez ou quince anos. Pouco ou nada se fala neses planos de servizos, transporte público, carril bici, depuradoras… Construír e destruír a contorna rural é o único lema, sen respectar nin sequera os humedais catalogados pola propia Xunta, nin os cauces dos ríos, nin as praias…

Rexeitamos o modelo de saneamento que as diferentes administracións seguen a potenciar, inzando o país de macrodepuradoras que non son a solución ás necesidades reais das nosas vilas e cidades. Reclamamos a separación das augas para o seu tratamento e a instalación de mini-depuradoras nos lugares axeitados, fuxindo da marxe litoral, ben dimensionadas e atendendo ás normativas correspondentes, e políticas de control e redución do consumo de auga.

Que non se repita a dura experiencia da veciñanza de Coruxo, onde despois de 10 anos, a loita continua!!

A legalidade urbanística e ambiental é sistemática e impunemente vulnerada coa complicidade das distintas administracións, cando non pola súa propia actuación e iniciativa. O patrimonio histórico, os nosos petroglifos, mámoas e monumentos líticos son presa da destrución máis feroz.

O país reborda de obras, actuacións e proxectos ilegais protexidos e bendicidos polos nosos gobernantes. As sentenzas firmes de derrubo, mesmo as do Tribunal Supremo, nunca son executadas, aumentando a sensación de impunidade e de burla e desprezo á cidadanía.

E que dicir da clase política: cómplices silenciosos e coautores da catástrofe. Uns e outros, todos eles, préganse como nunca á avaricia dos grandes intereses económicos que subvencionan aos seus partidos e subornan as ideas que din representar. Por iso, coa voz dos seus amos, pretenden enganarnos con palabras como progreso, desenvolvemento, crecemento… engadindo sempre, como unha xaculatoria hipócrita, a palabra “sostible”. En realidade o crecemento é só para aqueles que lles pagan. Os recursos de Galiza (e os do planeta) son limitados, e esta carreira de depredación e espolio é un camiño que non leva a ningures. Ou que leva só a hipotecar o futuro dos nosos fillos e a deixar miseria como herdanza ás próximas xeracións.

Quedamos só nós, a cidadanía, o pobo autoorganizado, para defender unha vez máis esta Terra de tanta desfeita.

E por iso estamos aquí.

Para amosar que aínda mantemos intacta a nosa dignidade de pobo que non quere morrer.

Para denunciar que Galiza está a ser transformada nun deserto de monocultivos forestais, formigón e polución.

Para esixir o cumprimento das leis.

Para defender a paisaxe, a natureza, a Terra, a nosa identidade e a nosa forma de vida.

GALIZA NON SE VENDE
Terra viva e vida digna para todos

AXUDA A **MANTER** E POTENCIAR ESTE **ESPACIO DE LIBERTADE**

FAITE SOCIO DO **ATENEO FERROLÁN**

SUSCRÍBETE Á REVISTA **ATENEA**

QUEDAN OS ÚLTIMOS EXEMPLARES DO CADERNO «FERROL, CIDADE DA ILUSTRACIÓN».

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



A NOSA TERRA VEN DE CUMPLIR CEN ANOS

A publicación *A Nosa Terra* celebra os seus 100 primeiros anos de vida coa edición dun libro e a realización de tres exposición coas que tentarán resumir este centenario de actividades.

O libro que editarán, que levará o nome *Crónica da vida galega*, realizará un percorrido pola historia das cabeceiras do xornal, que a día de hoxe conta cunha tirada de 30 000 exemplares.

A exposición 'Cen anos de xornalismo nacionalista' percorrerá dende o mes de agosto as principais vilas e cidades de Galicia. Ensinaralles aos visitantes o papel que exercen as figuras intelectuais sobre os lectores ao publicar os seus escritos no xornal. A segunda exposición, 'As capas que fixeron historia en A Nosa Terra' pretende perfilar un retrato de Galicia a través das portadas máis significativas. A última das exposicións, 'Historia de Galiza' pretende ser «didáctica e pedagóxica» e así conseguir que as xeracións máis novas se impliquen neste proxecto.

O xornal foi recentemente galardoado coa Medalla Castelao.

A Nosa Terra naceu en 1907 cun claro compromiso coa cultura e o idioma galego. Nestes 100 anos de vida publicou case 800 exemplares que teñen como obxectivo a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas.



A NOSA TERRA

AÑO I — NUM. 1 — Coruña 4 de Agosto de 1907

SUMARIO

«Fraternidad Gallega», por Manuel Murguía.—«Redención», poesía en gallego, por M. Lugrís Freire.—«A luchar», por J. B.—«Meus amores», poesía en gallego, por Salvador Golpe.—«Solidaridad Gallega», por Viriato.—«A carón do lar: Os lobos», por Asicomedre.—«Cuestión palpitante»—Actualidad.—«Prejuicios».—Poesía en gallego por Eduardo Pondal.—Variedades.

FRATERNIDAD GALLEGA

LUGO Y LA CORUÑA

Na imaxe superior, primeiro número d'*A Nosa Terra* no ano1907. Abaixo, cabeceira e presentación da edición dixital *Anosaterra Diario* de 2008.

A NOSA TERRA na BIBLIOTECA-HEMEROTECA do ATENEO FERROLÁN

Sempre son agradables as celebracións, pero o é máis, cando é dun xornal, tendo en conta o que hoxe en día se le: A Nosa Terra cumpriu 100 anos.

Hoxe en día é estraño que algo dure tanto, que un xornal, aínda que non sexa diario, perviva 100 anos por iso debemos alegrarnos.

Desde a Biblioteca-Hemeroteca do ATENEO FERROLÁN facemos o posible para que a prensa se manteña viva, e facémolo gardando e coidando para todos os cidadáns eses exemplares, que doutro xeito ou noutros sitios rexéitanse.

Por iso estamos orgullosos que na nosa Biblioteca-Hemeroteca se garden todos os exemplares da Nosa Terra.

Cen anos de historia, desde o nº 1 ata o máis recente; e seguiremos conservando todos os que se publiquen.

Deste xeito na nosa Biblioteca-Hemeroteca todos os cidadáns poden achegarse a unha publicación, xa histórica, e que forma parte da nosa extensa HEMEROTECA de máis de 400 cabeceiras de prensa, única na cidade e na comarca e aberta a todos.





MARTES DE CINE

ABRIL-MAIO: CICLO "A LITERATURA E O CINE"

(Nas páxinas 20 a 25 nestamesma revista, teñen máis información sobre o Ciclo)

As proxeccións serán os **martes ás 19:00hs.** no **Salón de Actos do Ateneo Ferrolán;** a **entrada é de balde.** Prégase puntualidade.



1 de abril

A ILLA DO TESOURO (1934) de Victor Fleming. Baseada na novela de Robert L. Stevenson · **Duración:** 105' · **Guión:** John Lee Mahin · **Música:** Herbert Stothart · **Fotografía:** Harold Rosson, Ray June, Clyde De Vinna (B&W) · **Reparto:** Jackie Cooper, Wallace Beery, Lewis Stone, Lionel Barrymore · **Sinopse:** Jim Hawkins traballa na pousada dos seus pais, nunha vila costeira inglesa. Un día chega Billy Bones, un vello bucaneiro, que trae consigo un cofre cun mapa nel que revélase o paradoiro das formidables riquezas do Capitán Flint.



8 de abril

O TERCEIRO HOME (1949) de Carol Reed. Baseada na novela de Graham Greene · **Duración:** 93' · **Guión:** Graham Greene · **Música:** Anton Karas · **Fotografía:** Robert Krasker (B&W) · **Reparto:** Joseph Cotten, Alida Valli, Trevor Howard, Orson Welles · **Sinopse:** Viena, 1947. O norteamericano Holly Martins, un escritor de novelas policíacas, chega á capital austriaca dividida en 4 zonas ocupadas polos aliados. Holly ven reclamado por un amigo da infancia, Harry Lime, que lle prometeu traballo.



15 de abril

ADEUS ÁS ARMAS (1957) de Charles Vidor. Baseada na novela de Ernest Hemingway · **Duración:** 152' · **Guión:** Ben Hecht · **Música:** Mario Nascimbene · **Fotografía:** Piero Portalupi & Oswald Morris · **Reparto:** Rock Hudson, Jennifer Jones, Vittorio De Sica, Alberto Sordi · **Sinopse:** Europa vive os dramáticos momentos da Primeira Guerra Mundial. Un periodista estadounidense alístase como voluntario, antes de que o seu país entrara na contenda, no Corpo de Ambulancias italiano, para poder seguir de cerca os acontecementos.



22 de abril

MOITO RUÍDO E POUCAS NOCES (1993) de Kenneth Branagh. Baseada no guión para teatro de William Shakespeare · **Duración:** 110' · **Música:** Patrick Doyle · **Fotografía:** Roger Lanser · **Reparto:** Emma Thompson, Kenneth Branagh, Michael Keaton, Denzel Washington · **Sinopse:** Don Pedro de Aragón regresa victorioso dunha batalla acompañado do seu irmán don Juan e de Claudio, un mozo florentino que foi cuberto de honores pola súa actuación na contenda. Claudio namorase de Hero, filla do anfitrión.

29 de abril

FAHRENHEIT 451 (1966) de François Truffaut. Baseada na novela de Ray Bradbury · **Duración:** 98' · **Guión:** François Truffaut & J-L. Richard · **Música:** Bernard Herrmann · **Fotografía:** Nicolas Roeg · **Reparto:** Julie Christie, Oskar Werner, Cyril Cusack, Anton Diffring · **Sinopse:** Fahrenheit 451 é a temperatura á que arde o papel dos libros. Guy Montag, un disciplinado bombeiro encargado de queimar os libros prohibidos polo goberno, coñece a unha revolucionaria mestra que se atreve a ler. De pronto, atópase transformado nun fuxitivo .

6 de maio

O CARTEIRO SEMPRE CHAMA DÚAS VECES (1946) de Tay Garnett. Baseada na novela de James M. Cain · **Duración:** 113' · **Guión:** Harry Ruskin & Niven Busch · **Música:** George Bassman · **Fotografía:** Sidney Wagner (B&W) · **Reparto:** Lana Turner, John Garfield, Cecil Kellaway, Hume Cronyn · **Sinopse:** Durante a Gran Depresión americana Frank Chambers, un home sen rumbo, comeza a traballar nun café de estrada, rexentado por un home maior e por Cora, a súa nova e infeliz esposa.

13 de maio

A LINGUA DAS BOLBORETAS (1999) de José Luis Cuerda. Baseada na novela de Manuel Rivas · **Guión:** R. Azcona, JL. Cuerda y M. Rivas · **Música:** A. Amenábar · **Reparto:** F. Fernán-Gómez, Manuel Lozano, Uxía Blanco, Gonzalo M. Uriarte · **Sinopse:** Gorrión pensará algún día: «Nunca vin os estames do lirio, pero vin os ollos mortos dun home que aínda vivía cando subiu a un camión cuxo destino de gavias apartadas e calugas amoratadas de pólvora non se lle escapaba... Nunca vin a lingua das bolboretas pero si escoitei a linguaxe daquel home: un soñador, un símbolo, unha idea, un mestre, un máis... un menos».

20 de maio

A VERDADE SOBRE O CASO SAVOLTA (1978) de Antonio Drove. Baseada na novela de Eduardo Mendoza · **Duración:** 130' · **Guión:** Antonio Drove & Antonio Larreta · **Música:** Egisto Macchi · **Fotografía:** Gilberto Azevedo · **Reparto:** JL. López Vázquez, Ovidi Montllor, Omero Antonutti, Charles Denner · **Sinopse:** Barcelona anos 1917 a 1923. As loitas entre os traballadores anarquistas e os donos da fábrica de armas Savolta agravanse cando estes queren esmagar o movemento con asasinos pagados e intrigas, para así ocultar os seus comercios ilegais.

27 de maio

O DIARIO DE NOA (2004) de Nick Cassavetes. Baseada na novela de Nicholas Sparks · **Duración:** 124' · **Guión:** Jeremy Leven y Jan Sardi · **Produción:** Mark Johnson y Lynn Harris · **Música:** Aaron Zigman · **Fotografía:** Robert Fraisse · **Reparto:** Ryan Gosling, Rachel McAdams, James Garner, Gena Rowlands · **Sinopse:** Anos corenta. Allie Hamilton, aínda adolescente, vai á cidade costeira de Seabrook (Carolina do Norte) para pasar o verán coa súa familia. Coñece a un mozo local, Noah Calhoun. Nada máis vela, Noah sabe que el e Allie están destinados a vivir xuntos.













EXPOSICIÓNS:

Do 1 ao 7 de abril (1ª planta)
MOSTRA FOTOGRÁFICA**"Camiñando rebeldías"**, autora Lorena Garel Ventureira, membro de Pallas@s en Rebeldía.

Do 7 ao 21 de abril (1ª planta)
EXPOSICIÓN "II REPÚBLICA ESPAÑOLA 75 ANIVERSARIO" (1931 – 2006)

Do 3 ao 16 de abril (2ª planta)
PINTURAS DE : TONIA VÁZQUEZ

Do 18 ao 30 de abril (2ª planta)
PINTURAS DE Mª JULIA LÓPEZ AMEIJEIRAS

Do 2 ao 14 de maio (2ª planta)
INSTALACIÓN DE: GUSTAVO SEQUEIRO VILAR

Do 16 ao 28 de maio (2ª planta)
MOSTRA ALUMNOS de JUAN GALDO

Do 5 ao 30 de xuño (2ª planta)
EXPOSICIÓN 50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS do XVIII CERTAME FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE 2008

EXPOSICIÓN PERMANENTE FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS (1ª planta): **Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spella Trobec, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos**

OUTRAS ACTIVIDADES:



CLUB DE LECTURA: Tódolos primeiros **martes** de cada mes. **1 de abril, 6 de maio, 3 de xuño** ás 19,30 horas

Encontros coa LECTURA. Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro nos locais do Ateneo.

Todos os **MÉRCORES** TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes
AMICOR ás 20 horas

Os primeiros mércores de cada mes reunión Grupo Filosófico CIRPÉN ás 20 horas

VENRES día 11 de abril ás 18 horas
XORNADAS SGHN: MESA REDONDA AGROCOMBUSTIBLES

MÉRCORES día 16 de abril ás 12 horas
CONTACONTOS a cargo de Mª Xosé Doce e coa participación de alumn@s de secundaria do Colexio Jesús Maestro de Ferrol. Interpretarán un conto da Colección Contos de Vicentiño (o paxaro do río Miño): AS ARBORES DA PAZ. www.contossolidarios.org

XOVES día 17 de abril ás 20 horas
CONFERENCIA LATINOAMERICA. ORGANIZA ASOCIACIÓN BRIGA

VENRES 18 de abril ás 18 horas
PROMOCIÓN DA LONGAMETRAXE "PRADOLONGO" que ao longo deste verán VIA LACTEA FILMES rodou pola bisbarra de Valdeorras, na páxina www.pradolongo.net pódese atopar máis información.
Á presentación asisten o director do filme Ignacio Vilar e os seus tres protagonistas: Rubén Riós (Libro de Familia) Tamara Canosa (Mareas Vivas, Heroína, Días Azuis, Valderrei) e Roberto Porto.
A promoción consiste na proxección dun trailer da película (4min) e unha Mesa Redonda.

VENRES 18 de abril ás 20 horas
MESA REDONDA: "O LIBRO ANTE AS NOVAS TECNOLOXÍAS". Participan: Elisa Montañés (Mestra) – Moderadora. MAKO VALLE (Libreira), Spela Trobec (Ilustradora) e Miguel Toval (Editor)

VENRES 25 de abril ás 19,30 horas.
Humberto Martins (antropólogo, profesor da UTAD -Universidade de Trâs-Os-Montes e Alto-Douro-): ***"O 25 de abril e a revolución dos cravos na conciencia das novas xeneracións portuguesas".***

XOVES día 5 de xuño ás 20 horas
Lectura fallo xurado do XVIII Certame Fotografico Medio Ambiente 2007 e inauguración coas 50 fotografías seleccionadas do concurso

SEMANA do 23 ao 28 de xuño
CELEBRACIÓN do DÍA DO ORGULLO GAY (Organiza Colectivo GALENTENDO)

Para máis información sobre: **CERTAMES, Bases de CONCURSOS, a CONVOCATORIA de ASEMBLEA XERAL ORDINARIA na nosa páxina web:**
www.ateneoferrolan.org

REHABILITACIÓN DO ATENEO XA!



PROGRAMACIÓN CICLO ABRIL-MAIO-2008

A LITERATURA E O CINE

A ILLA DO TESOURO
de ROBERT LOUIS STEVENSON
Robert Louis Balfour Stevenson naceu en Edimburgo (Escocia) o 13 de novembro de 1850 e morreu en Upolu (illa Samoa), o 3 de decembro de 1894).



Robert L. Stevenson

É autor dalgunhas das historias fantásticas e de aventuras máis populares, como *A illa do tesouro* e *O estraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde*, adaptadas para nenos e levadas varias veces ao cine no século XX. Foi importante tamén a súa obra ensaística, breve pero decisiva no que se refire á estructura da moderna novela de peripecias. Foi moi apreciado no seu tempo e algunhas das súas obras son inmortais na lista da historia.

